

ESTATUTOS
DA SOCIEDADE ARTÍSTICA,
CULTURAL E RECREATIVA
«LICEO DE NOIA»

ÍNDICE

Capítulo I. Obxecto dos Estatutos	3
Capítulo II. Dos Fins da Sociedade	3
Capítulo III. Dos socios e dos seus familiares.....	4
Capítulo IV. Das obrigas dos socios.....	6
Capítulo V. Dos dereitos dos socios	7
Capítulo VI. Das cotas.....	8
Capítulo VII. Do Patrimonio	8
Capítulo VIII. Dos Órganos Sociais	9
Asemblea Xeral Ordinaria.....	10
Asemblea Xeral Extraordinaria	10
Xunta Directiva.....	12
Dos membros da Xunta Directiva.....	16
Do Comité de Apelación	18
Da Comisión Económica	18
Capítulo IX. Da administración da Sociedade	19
Capítulo X. Das seccións da Sociedade	19
Capítulo XI. Do Réxime Documental	20
Capítulo XII. Dos empregados da Sociedade	21
Capítulo XIII. Das faltas e sancións.....	21
Capítulo XIV. Das responsabilidades	22
Capítulo XV. Da disolución da Sociedade	23

CAPÍTULO I

OBXECTO DOS ESTATUTOS

Artigo 1. A Sociedade Artística, Cultural e Recreativa Liceo de Noia é unha entidade con personalidade xurídica e capacidade de obrar propia, de duración ilimitada, que foi fundada o día 28 de Agosto de 1928, ao amparo da antiga lexislación, cuxo Regulamento vixente se modifica e substitúe polos presentes Estatutos, os cales teñen por obxecto fixar as finalidades, dereitos e obrigas da Sociedade, que ten o seu domicilio social situado na Alameda s/n, de Noia.

Os presentes Estatutos someteranse ao disposto na Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo (BOE. 73 de 26.03.02) Reguladora do Dereito de Asociación.

O ámbito territorial de actuación será a Comarca de Noia.

CAPÍTULO II

DOS FINS DA SOCIEDADE

Artigo 2. Os fins desta Sociedade son os seguintes:

- a) Impulsar e promover todas aquelas actividades que contribúan á mellor cultura deportiva e intelectual de todos os seus asociados.
- b) Esta Sociedade non se adscribirá a ningún partido político, nin tendencia relixiosa nin concepción do mundo, pero dende a súa tribuna poderanse tratar obxectivamente toda clase de asuntos e temas que non atenten contra as Leis vixentes e se expoñan coa debida corrección e respecto ás ideas alleas.

Artigo 3. Aos actos organizados por esta Sociedade só terán acceso os socios, os seus beneficiarios, e as persoas que a Xunta Directiva considere conveniente invitar. Estes actos serán gratuítos.

CAPÍTULO III

DOS SOCIOS E DOS SEUS FAMILIARES

Artigo 4. O ingreso na Sociedade só se poderá efectuar mediante solicitude do interesado e previo pagamento da cota de entrada que se estableza de xeito oportuno, sendo presentado ademais por dous socios, adquirindo tal condición no momento que a Xunta Directiva proclame a súa alta e o inscriba no Libro de Rexistro de asociados.

Deberá acompañar á solicitude copia ou fotocopia do documento que acredite o seu casamento ou inscrición no Rexistro de Parellas de Feito, no seu caso. De ser solteiro, será dabondo a fotocopia do DNI.

Artigo 5. Os socios poderán ser:

- a) de Número
- b) de Mérito
- c) Honorarios
- d) de Cota reducida

Artigo 6. Socios de número: Serán socios de número as persoas maiores de idade ou emancipadas que reúnan os requisitos establecidos no artigo 4, e, ademais, que cumpran as condicións de admisión requiridas en cada momento.

Artigo 7. Consideraranse beneficiarios dos socios de número, as persoas que formen a súa unidade familiar, entendéndose por familiares do socio ao cónxuxe ou parella de feito e aos fillos menores de idade non emancipados, sempre e cando uns e outros convivan baixo o mesmo teito. Os socios de número responsabilizaranse dos actos dos seus beneficiarios, os cales poderán utilizar as instalacións e dependencias da Sociedade. Tamén se considerarán beneficiarios os seus orfos. Non terán dereito a voz nin voto. Ao cumprir os 14 anos, os fillos/as de socios, deberán solicitar obrigatoriamente o carné de fillo de socio.

Os fillos/as dos socios de número perderán a súa condición de beneficiarios ao obter a maioría de idade; neste intre, se é o

seu desexo, pasarán a ser socios de número sen ter que abonar cota de entrada, dereito que tamén se fai extensivo ao cónxuxe ou membro de parella de feito do socio de número, incluso viuvos/as de socio/a, se queren adquirir esta condición.

Por conseguinte os fillos/as ou viuvos/as de socio deberán darse de alta como tales, no prazo dun ano desde que cumpran a idade de 18 anos, ou no seu caso desde o falecemento do socio/a. Rematados estes prazos terán que abonar a cota de entrada.

Artigo 8. Socios honorarios: Serán nomeados socios honorarios as persoas nas que concorran méritos relevantes para iso e a proposta da Xunta Directiva foran nomeados en Asemblea Xeral.

Estes socios estarán exentos do pago de calquera cota, e poderán gozar de todos os dereitos que asisten aos de número.

Artigo 9. Socios de mérito: Serán socios de mérito aqueles que o sexan de número, e que dalgunha forma realizaran desinteresadamente tarefas destacadas en beneficio da Sociedade, e a proposta da Xunta Directiva sexan nomeados en Asemblea Xeral. Continuarán cos mesmos dereitos e obrigas que os de número.

Artigo 10. Socios de cota reducida: Serán socios de cota reducida:

- a) Os maiores de 65 anos que foran socios, como mínimo durante 25 anos. Satisfarán o 75% da cota e terán voz e voto.
- b) Os socios/as, solteiros e sen renda, até cumprir a idade de 25 anos. Os cónxuxes ou membros de parellas de feito viuvos/as de socio. Os socios de número que trasladen a súa unidade familiar, fóra do ámbito territorial da sociedade. Todos estes, satisfarán o 50% da cota e terán voz e voto.
- c) Os orfos de socio/a, poderán acollerse aos beneficios contemplados no apartado b) deste artigo, para os socios menores de 25 anos.
- d) Os socios minusválidos físicos ou psíquicos, cun mínimo dun 65% de minusvalía, recoñecida por un Tribunal Médico, abonarán o 50% da cota e terán voz e voto.

CAPÍTULO IV

DAS OBRIGAS DOS SOCIOS

Artigo 11. O asociado ten a obriga de:

- a) Gardar as normas de cortesía, atender e obedecer as indicacións da Xunta Directiva e das Comisións que aquela nomee.
- b) Satisfacer puntualmente as súas cotas, xa que transcorridos dous meses consecutivos sen abonadas será requirido por calquera dos medios lexítimos establecidos para que satisfaga dito importe. Unha vez expirado o prazo de oito días, contado a partir da data na que o socio teña notificación, sen que fixese efectivo o importe total das cotas pendentes de pago, perderá a súa condición de socio; non podendo, en consecuencia, ser readmitido senón mediante o pago da nova cota de entrada, xunto co abonamento das cotas pendentes.
- c) Desempeñar os cargos e delegacións que pola Asemblea Xeral se lle confíen, non podendo eximirse diso senón por causas debidamente xustificadas.
- d) Identificar a súa condición de socio sempre que sexa requirido para iso pola Xunta Directiva, polas Comisións que esta designe, e polos empregados da Sociedade.
- e) Non facilitar a ningunha persoa allea á Sociedade medios para concorrer á mesma, nin a presentar en concepto de forasteiros a persoas que teñan veciñanza ou residencia nos Concellos aos que se refire o artigo 13, apartado b, co gallo de acceder aos locais sociais.
- f) Acompañar ás persoas que presentaren.
- g) Comunicar por escrito á Xunta Directiva todo cambio de situación familiar, de enderezo, ausencia ou baixa aos efectos oportunos.

Se houberse solicitado a redución de cota, por haber traladado a súa unidade familiar fora do ámbito territorial da Sociedade, conforme ao previsto no artigo 10, apartado b), deberá xuntar a súa petición, documento que xustifique tal circuns-

tancia. De continuar nesta situación, no prazo dun ano, deberá presentar nova documentación xustificativa. De non facelo así, pasará automaticamente a abonar a cota enteira.

- h) En calquera caso, cando se produza a reincorporación ao seu domicilio habitual, ubicado no ámbito territorial da Sociedade, deberá comunicalo aos efectos de actualización da cota.

CAPÍTULO V

DOS DEREITOS DOS SOCIOS

Artigo 12. Os dereitos dos socios, estarán baseados sempre no de igualdade de todos os asociados, sen discriminación por razón de natureza, raza, sexo, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición e circunstancia persoal ou social.

Artigo 13. O socio ten dereito a:

- a) Disfrutar da permanencia nos locais da Sociedade dacordo co previsto no apartado h) do artigo 27.
- b) Que se lle faciliten invitacións para a asistencia aos festivos que organice a Sociedade, cando algún forasteiro se atope circunstancialmente dentro da localidade, previa xustificación de tales extremos. Os habitantes dos concellos de Noia, Porto do Son, Lousame e Outes, non poderán ser considerados en ningún caso forasteiros.
- c) Presentar na Sociedade, baixo a súa garantía, a calquera forasteiro por un período máximo de seis días consecutivos anuais, transcorridos os cales estará obrigado este a obter un billete de transeunte mediante un abonamento equivalente á cota mensual que satisfagan os socios de número; pero se transcorrido o prazo dun mes, contado a partir da primeira presentación, continuara frecuentando os locais sociais, terá a obriga de darse de alta como socio, abonando a cota de entrada e coas mesmas obrigas que os demais socios.

- d) Comunicar á Xunta Directiva calquera deficiencia que observe en relación cos empregados, socios, directivos e instalacións sociais.
- e) Presentar na Sociedade e nos festivais que esta celebre, baixo a súa garantía, e coas limitacións que a Xunta Directiva determine, aos seus familiares, considerados como tales no artigo 7.
- f) Facer á Xunta Directiva, en forma correcta e axeitada, as observacións e reclamacións que estimen xustas, debendo presentar a tales efectos o correspondente escrito, por duplicado exemplar, un dos cales lle será devolto debidamente cumprimentado o mesmo día da súa recepción.
- g) Usar a palabra e voto nas Asembleas Xerais, coidando sempre o respecto ao dereito dos demais socios e a consideración que a aqueles se debe.

CAPÍTULO VI DAS COTAS

Artigo 14. As cotas enténdense mínimas, e por tanto susceptibles de ser modificadas cando así o estime a Asemblea Xeral, estando obrigados os socios a satisfacelas puntualmente de acordo coa mesma.

Artigo 15. O socio que voluntariamente causase baixa, perderá todos os dereitos así como as cantidades satisfeitas por calquera concepto.

CAPÍTULO VII DO PATRIMONIO

Artigo 16. A Sociedade sométese ao réxime do orzamento e patrimonio de seu, coas seguintes limitacións:

- a) Non poderá destinar os seus bens a fins industriais, comerciais, profesionais ou de servizo, nin exercer actividades de

igual carácter co fin de repartir beneficios entre os seus asociados.

- b) A Sociedade poderá gravar e transferir bens inmobles, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de débeda, sempre que cumpra cos seguintes requisitos:
 1. Que tales operacións sexan autorizadas por maioría dos dous terzos dos socios presentes en Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada a tal fin, en primeira convocatoria; sendo necesario só a maioría da metade máis un dos socios presentes en segunda convocatoria.
 2. Que ditos actos non comprometan de xeito irreversible o patrimonio da Sociedade. Para a axeitada xustificación deste extremo poderá esixirse, sempre que o soliciten como mínimo o cinco por cento dos socios de número, o oportuno ditame da Comisión Económica.

Artigo 17. A Sociedade Liceo foi fundada o 28 de Agosto de 1928, sen patrimonio inicial ningún, sendo na actualidade de 915.985,86 Euros, correspondente ao valor de taxación do seu edificio social.

Os recursos económicos dos que se poderá facer uso, serán as cotas dos asociados e as subvencións.

CAPÍTULO VIII DOS ÓRGANOS SOCIAIS

Artigo 18. Os Órganos da Sociedade son os seguintes:

- 1) Asemblea Xeral
- 2) Xunta Directiva
- 3) Comité de Apelación
- 4) Comisión Económica

Artigo 19. A Asemblea Xeral é o Órgano supremo da expresión da vontade Social.

Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos

superen aos negativos. Non embargante, requirirán maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade, os acordos relativos a disolución da Sociedade, modificación dos Estatutos, disposición ou transferencia de bens e remuneración dos membros da Xunta Directiva.

Soamente poderá delegarse representación en calquera beneficiario de socio que sexa maior de idade, ou fillo/a que sexa socio, xuntando copia do DNI ou documento análogo similar. O socio que non teña beneficiario poderá delegar a súa representación noutro socio. En calquera caso soamente se admitirá unha delegación por cada socio, na que se fará constar expresamente a data da Asemblea para a que se delega o voto.

As Asembleas Xerais serán ordinarias e extraordinarias.

Artigo 20. Asemblea Xeral Ordinaria: A Asemblea Xeral Ordinaria é a que preceptivamente deberá celebrarse na segunda quincena do mes de Xaneiro de cada ano. A Asemblea Xeral Ordinaria quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela unha terceira parte dos socios. En segunda convocatoria quedará validamente constituída calquera que sexa o número de socios asistentes.

Para que a convocatoria da Asemblea Xeral Ordinaria sexa válida, a súa Orde do Día deberá conter os seguintes puntos:

- a) Lectura e aprobación, se é procedente, da Acta anterior.
- b) Memoria, liquidación do orzamento, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación, se procede.
- c) Orzamento para o exercicio seguinte.
- d) Proxectos e propostas da Xunta Directiva.
- e) Proposicións que formulen os socios e que estarán asinadas como mínimo polo dez por cento dos mesmos, e que deberán ser presentadas antes do día 1 do mes de Xaneiro no que se celebre a Asemblea.
- f) Peticións e preguntas.

Artigo 21. Asemblea Xeral Extraordinaria: A Asemblea Xeral Extraordinaria é a que se celebra cando a Xunta Directiva estime apropiado convocala para tratar dalgún asunto importante ou

cando o soliciten por escrito, e expresando o obxecto da mesma, a décima parte dos socios, polo menos; neste caso, a Xunta Directiva deberá convocar a súa celebración no prazo máximo de quince días. O quórum de asistencia será o mesmo que para a Asemblea Xeral Ordinaria.

Deberá celebrarse necesariamente Xunta Xeral Extraordinaria, para:

- a) Creación ou integración en federacións.
- b) Modificación dos Estatutos sociais.
- c) Disposición e transmisión de bens inmoables.
- d) Fixación das cotas dos socios.
- e) Disolución da Sociedade estando presentes dous terzos dos socios.
- f) Tomar diñeiro a préstamo, baixo a fórmula de conta de crédito ou crédito con garantía hipotecaria.

Artigo 22. As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, serán convocadas con 15 días de antelación, como mínimo, á súa celebración, e notificadas a cada socio por correo ordinario dentro do devandito prazo, no enderezo que figure nos arquivos da Sociedade, e publicadas en dous xornais dos de maior difusión na Comarca de Noia.

Na orde do día das Asembleas Xerais farase constar día, hora e lugar de celebración.

Artigo 23. As regras para a discusión en todas as Asembleas Xerais serán as seguintes:

- a) O socio que presente unha proposición poderá apoiala unha vez, sen que por isto se entenda que consume quenda.
- b) Despois de consumidas tres quendas a prol e tres en contra declararase suficientemente discutido calquera asunto. As quendas non excederán de cinco minutos.
- c) Cada socio non poderá facer uso da palabra máis que unha vez na mesma cuestión a non ser que se teña que rectificar feitos ou conceptos equivocados.
- d) Non poderá ningún socio ocuparse de cuestións de índole persoal ou alleas aos intereses ou fins sociais.

- e) Ningún socio usará a palabra sen que lle sexa concedida polo Presidente, quen a dará pola quenda de petición, podendo retirar o uso dela ao que, solicitándolla para un asunto, se ocupase doutro ou que se producise de forma inconveniente.

Artigo 24. Xunta Directiva: O Goberno e representación da Sociedade estará a cargo dunha denominada “Xunta Directiva”. Estará integrada polos seguintes cargos: PRESIDENTE, VICEPRESIDENTE, SECRETARIO, TESOUREIRO e cantos VOCAIS se xulguen necesarios para o mellor éxito da xestión reitora.

Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, e cesarán na súa función por falecemento, renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, por transcurso do prazo para o que foron elixidos, e por incumprimento das obrigas que tivesen encomendadas.

Artigo 25. Cada nova Xunta Directiva comezará a desempeñar o seu cometido dentro dos vinte días seguintes a aquel no que pola Asemblea Xeral se elixa Presidente, salvo no caso no que, por causas xustificadas non poida facelo, dando conta disto na primeira Asemblea Xeral que se celebre.

Elección de Presidente:

- a) O Presidente será elixido en Asemblea Xeral Ordinaria por sufraxio dos socios presentes ou debidamente representados. Deberá contar como mínimo con cinco anos de antigüidade como socio do Liceo. A elección farase por maioría simple dos votos emitidos. A votación estará aberta mentres haxa votantes no salón.

Para isto formarase unha mesa de votación composta por un Presidente e dous Secretarios, designados pola Asemblea, auxiliarán ao Presidente da Mesa de votación, na tarefa de anotar o número de votantes e do número de votos obtidos por cada candidato, previa comprobación no Listado de Socios. O Presidente da Mesa recibirá as papeletas depositándoas na urna e extraeraas unha vez rematada a votación, unha a unha, léndoas en voz alta.

- b) O Candidato presentará a súa candidatura na Secretaría tres días antes, como mínimo, á data na que teña que celebrarse a elección, cubrindo ao efecto o impreso que estará a disposición dos candidatos nas oficinas da Sociedade e no que figurarán os seguintes datos:
1. Nome e apelidos do candidato (xuntará fotocopia do carné de socio e do D.N.I. ou documento análogo).
 2. Data de ingreso na Sociedade.
 3. Certificación do Secretario da Sociedade de que o candidato reúne os requisitos e non está incurso nas prohibicións sinaladas nestes Estatutos.

Para o caso de que non se teña presentado ningunha candidatura nos prazos fixados, poderá facerse durante a celebración da propia Asemblea, sempre que o candidato reúna os requisitos esixidos para iso por estes Estatutos.

No caso de non presentarse ningunha candidatura, a Asemblea nomeará unha Comisión Xestora que, nun prazo máximo de trinta días, convocará unha nova Asemblea para a elección de Presidente.

- c) A elección de Presidente farase cada catro anos nunha Asemblea Xeral Ordinaria. No caso de que resulte elixido novo Presidente, éste nomeará a súa Xunta Directiva nun prazo máximo de dez días, designando os cargos de acordo co artigo 24.
- d) No prazo máximo dun mes, a nova Xunta Directiva presentará o orzamento anual da Sociedade, en Asemblea Xeral Extraordinaria.

Artigo 26. Corresponde á Xunta Directiva:

- a) Regulamentar a vida interior da Sociedade.
- b) Verificar as reformas do local e mobiliario, preferindo para efectualas aos industriais socios en igualdade de condicións, pero sempre por concurso cando as obras excedan da contía que debe sinalar cada ano a Comisión Económica.
- c) A transmisión dos mobles e efectos inservibles da maneira que xulgue axeitado aos intereses sociais, a non ser que se

- trate de renovacións en gran escala; neste caso anunciará a puxa entre os socios, sinalando prezo mínimo. De non dar resultado esta puxa, poderá facerse a venda a calquera prezo.
- d) Nomear delegados ou comisións para os actos organizados pola Sociedade e outros que con ela se relacionen.
 - e) Apercibir, apremiar e expulsar aos socios morosos ou impor aos mesmos os correctivos que se establezan nestes Estatutos.
 - f) Co informe da Comisión Económica, nomear e separar ao persoal da Sociedade, sinalando soldos, impondo sancións ou dando gratificacións nos casos que se estimen de xustiza, cumprindo ademais as normas establecidas polas disposicións legais ditadas na orde laboral.
 - g) Conceder, excepcionalmente, premios ou distincións a aquelas persoas que, concorrendo nelas méritos dabondo, sexan acreedoras aos mesmos.
 - h) Acordar a celebración de toda clase de actos na época e forma que considere oportunas.
 - i) Aprobar ou desaprobar os acordos que tomen as Seccións e Comisións nomeadas pola propia Xunta Directiva.
 - j) Celebrar toda clase de contratos que se consideren beneficiosos e axeitados para a Sociedade, incluso arrendamentos, sexan da clase que fosen, e prorrogalos, sinalando rendas e prazos, autorizando ao Presidente para outorgar e subscribir os documentos públicos e privados que fosen precisos. Do mesmo xeito acordará acudir aos Tribunais en defensa dos dereitos lexítimos, facultando ao Presidente para conferir poderes a Procuradores e Avogados que en cada caso se requiran.
 - k) A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o Presidente ou quen o substitúa nas súas funcións, ben a iniciativa de seu ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Será presidida polo Presidente, ou, no seu defecto, polo seu substituto, e, a falla de ambos, polo membro da Xunta Directiva de máis idade.

Os seus acordos serán válidos cando sexan adoptados por maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria en todo caso a concorrencia da metade dos seus membros. En caso de empate, decidirá o voto do Presidente.

O Secretario, ou no seu defecto o Vicepresidente, levantará acta das sesións, que se transcribirán no libro de actas.

A Xunta Directiva quedará tamén validamente constituída cando estean presentes todos os seus membros, aínda que non mediase convocatoria previa.

Artigo 27. Son obrigas da Xunta Directiva:

- a) Presentar contas anuais de ingresos e gastos, exhibindo en Secretaría os comprobantes daquelas, cun resumo do estado da Sociedade ao día 31 de Decembro.
- b) Cumprir e facer cumprir os presentes Estatutos e cantas disposicións xurdan del, así como os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Formar e levar á Asemblea Xeral Ordinaria o orzamento para o exercicio seguinte.
- d) Entregar á nova Xunta Directiva, ao darlle posesión, todos os documentos que se relacionen social e administrativamente coa Sociedade, así como un inventario dos bens, mobles e efectos de pertenza dos mesmos.
- e) Dirixir a contabilidade, procurando que esta se axuste ao disposto nestes Estatutos.
- f) Acoller as proposicións dos socios e resolvelas ou levalas, se o cre necesario, á Asemblea Xeral.
- g) Convocar a Asemblea Xeral cando o estime axeitado e nos casos que nestes Estatutos se fixa.
- h) Designar as horas nas que debe permanecer aberta a Sociedade e fixar as dependencias das que poderán facer uso en cada momento.
- i) Para tomar acordos necesitará a presenza da metade máis un dos membros que a compoñen. Nos casos de empate decidirá o Presidente.

Artigo 28. A Xunta Directiva non pode:

- a) Diferir por máis de quince días a partir daquel en que fora presentada a petición a que se refire o artigo 21.
- b) Aumentar, diminuír ou suspender a cota mensual, facer anticipos e préstamos con ou sen garantía, a persoas, corporacións ou sociedades de calquera tipo.

Artigo 29. Dos Membros da Xunta Directiva: Os membros da Xunta Directiva desempeñarán as seguintes funcións:

a) O Presidente:

- 1) Levar a máis alta representación da Sociedade, velando pola observancia destes estatutos.
- 2) Convocar e presidir as reunións da Xunta Directiva e as Asembleas Xerais, así como das Seccións, dirixindo os debates e asinando co Secretario as actas, credenciais dos directivos e os carnés de socios.
- 3) Ordenar e visar os libramentos e contas co Tesoureiro.
- 4) Decidir co seu voto de calidade, tanto en sesións da Xunta Directiva como nas Asembleas Xerais, cando resulte empate dúas veces consecutivas.

b) O Vicepresidente: Substituír ao Presidente en todos os deberes e atribucións en caso de vacante, enfermidade, ausencia ou delegación e colaborar en todo momento nos traballos da Xunta Directiva.

c) O Secretario:

- 1) Levar os Libros de Actas da Directiva e das Asembleas Xerais, subscribindo os acordos que se tomen, co visto e praxe do Presidente.
- 2) Dar conta nas sesións dos asuntos que nelas se tratase, de acordo ao orde do día establecido.
- 3) Expedir a cada asociado ou familiar con dereito a isto o carné social correspondente, que asinará co visto e praxe do Presidente.
- 4) Redactar ordes, certificacións ou anuncios que deben publicarse para a execución dos acordos da Sociedade.

- 5) Redactar os regulamentos de réxime interno do persoal dependente da Sociedade, na súa calidade de Xefe directo do mesmo, que terá que ser previamente aprobado pola Xunta Directiva.
- 6) Redactar a memoria anual na que se especificarán as actividades da sociedade durante o ano.

d) O Tesoureiro:

- 1) Recibir todas as cantidades que pertencen á Sociedade, pagar os libramentos visados polo Presidente, sendo responsable dos que satisfaga sen este requisito, e levar a conta da tesourería, presentando o seu estado anual.
- 2) Asinar os recibos das cotas de entrada e mensuais dos socios; redactar o proxecto de orzamento que se presentará na Asemblea Xeral Ordinaria do mes de Xaneiro de cada ano.
- 3) Dirixir a contabilidade da Sociedade e intervir as contas de tesourería.
- 4) Estender e asinar os libramentos autorizados polo Presidente.

e) Os Vocais: Os Vocais cumprirán as misións que se lle confíen pola Xunta Directiva, substituindo pola súa orde, e no caso necesario, a calquera outro cargo da mesma. Tamén poderá ser nomeado para presidir as Xuntas ou Asembleas das Seccións que se constituían dentro da Sociedade.

Serán funcións do vocal que fora designado polo Presidente para desempeñar o cargo de BIBLIOTECARIO, as seguintes:

- 1) Ter ao seu cargo canto se relacione coa Biblioteca e formular un catálogo das obras existentes. Propoñer á Xunta Directiva a adquisición dos exemplares que estime necesarios.
- 2) Organizar da forma máis axeitada o réxime adecuado para facilitar a lectura dos exemplares que constituían a Biblioteca, tanto dentro do local social como para que podan ser levados polos asociados aos seus domicilios.

Artigo 30. Do Comité de Apelación: O Comité de Apelación, cuxa designación terá unha duración de catro anos, estará composto por tres socios de números designados pola Asemblea Xeral na que se elixa presidente.

Será a súa función, emitir ditame dos recursos interpostos polos socios contra resolucións da Xunta Directiva das que se deriven sancións ou afecten individualmente aos dereitos do socio recorrente. De ser este ditame coincidente coa resolución da Xunta Directiva, o acordo desta quedará firme.

No suposto de ser contraditorios a resolución e o ditame, ou no caso de existir incompatibilidade entre o sancionado e calquera membro do Comité de Apelación, a sanción quedará en suspenso até a celebración da primeira Asemblea Xeral, que adoptará unha decisión ao respecto.

Artigo 31. Da Comisión Económica: A Comisión Económica, que terá unha duración de catro anos, estará integrada por tres socios de número designados pola Asemblea Xeral na que se elixa Presidente.

Serán as súas funcións:

- a) Inspeccionar semestralmente o desenvolvemento do orzamento da Sociedade emitindo o seu correspondente informe.
- b) Obrigatoriaemente emitirá un informe do remate do orzamento anual que será presentado na Asemblea Xeral Ordinaria.
- c) Emitir informe cando o importe das obras exceda da contía a que se refire o apartado b) do artigo 26.
- d) Emitirá informe sobre o nomeamento e separación do persoal da sociedade, nos termos previstos no apartado f) do artigo 26.
- e) Emitirá asimesmo calquera outro informe económico que lle sexa recabado pola Xunta Directiva.

Artigo 32. Tanto os membros do Comité de Apelación como os da Comisión Económica non poderán formar parte da Xunta Directiva.

CAPÍTULO IX

DA ADMINISTRACIÓN DA SOCIEDADE

Artigo 33. O orzamento será confeccionado pola Xunta Directiva e sometido á Asemblea Ordinaria correspondente. O orzamento será anual, e comprenderá dende o primeiro de Xaneiro ao trinta e un de Decembro.

Artigo 34. A Xunta Directiva acomodará a súa xestión económica ao orzamento aprobado. Non embargante cando así o estime preciso, poderá variar as cifras de gastos, sempre que a variación non exceda do dez por cento (10%) do orzamento. Se a alteración superase o límite legal, convocarase a Comisión Económica.

CAPÍTULO X

DAS SECCIÓNS DA SOCIEDADE

Artigo 35. Coa finalidade dun mellor desenvolvemento das actividades sociais, a Xunta Directiva poderá constituir seccións dentro da Sociedade.

Artigo 36. O número de Seccións poderá aumentarse, diminuírse ou suprimirse, incluso na súa totalidade, cando así o acorde a Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.

Artigo 37. A cada Sección poderán pertencer todos os socios que o soliciten e beneficiarios daqueles, de acordo co artigo 7 destes Estatutos, e cumpran os requisitos que dite a Xunta Directiva.

Artigo 38. As Seccións funcionarán baixo a dirección dunha comisión composta de Presidente, Secretario, Tesoureiro, e un número de vocais segundo as necesidades da Sección e obrigatoriamente deberán ser socios do Liceo, cun ano de antigüidade.

Artigo 39. As sesións serán presididas polo Presidente da Sección correspondente ou polo da Sociedade, cando asista, podendo este último facer delegación expresa en calquera membro da súa Xunta Directiva.

Artigo 40. As Seccións, cando así o acorde a maioría dos socios que a compoñen, poderán establecer unha cota mensual para atender aos seus gastos específicos.

Artigo 41. Corresponde ás Seccións:

- a) Ordenar a discusión de temas e asuntos da súa especialidade, mediante a celebración de conferencias con ou sen controversia, cursiños, etcétera, dando conta das súas decisións á Xunta Directiva da Sociedade que será, en definitiva, a que tome a decisión válida dos seus acordos.
- b) Redactar a memoria anual na que se reflicta a súa xestión, que será presentada á Xunta Directiva.
- c) O cargo de Presidente ou directivo dunha Sección, non poderá formar parte da Xunta Directiva da Sociedade.

Artigo 42. Todas as Seccións deberán celebrar a súa Xunta Anual, con anterioridade á Asemblea Xeral Ordinaria da Sociedade.

CAPÍTULO XI

DO RÉXIME DOCUMENTAL

Artigo 43. O réxime documental da Sociedade será o seguinte: Libro de Rexistro de Asociados, Libro de Rexistro de Altas e Baixas, Libro de Actas e Libro de Contabilidade.

- a) No Libro de Rexistro de Asociados, deberán constar os nomes e apelidos dos socios de número e o seu Documento Nacional de Identidade.
- b) No Libro de Altas e Baixas, figurarán os socios que así o foron. Serán asinadas mensualmente polo Presidente e o Secretario.
- c) No Libro de Actas consignaranse as reunións que celebren a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva con expresión da data,

asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As actas serán asinadas, en todo caso, polo Presidente e o Secretario.

- d) No Libro de Contabilidade, consignaranse tanto o patrimonio como os dereitos e obrigas, ingresos e gastos da Sociedade, debendo precisarse a procedencia daqueles e a inversión ou destino destes.

CAPÍTULO XII

DOS EMPREGADOS DA SOCIEDADE

Artigo 44. Á Xunta Directiva corresponderá o nomeamento e separación dos empregados de que se trata neste capítulo, previo informe da Comisión Económica, e de acordo co que dispoña o regulamento de réxime interno e persoal.

Artigo 45. O persoal de Secretaría dependerá do Secretario e o de Contabilidade do Tesoureiro.

Todo o persoal estará baixo a inspección da Xunta Directiva, e suxeito ao que en cada momento determine a súa lexislación laboral.

Artigo 46. Os empregados serán responsables do mobiliario e efectos da Sociedade, e terán inventario dos mesmos, os cales estarán baixo o seu coidado. As altas e baixas dos efectos levarán o visto e praxe da Xunta Directiva.

CAPÍTULO XIII

DAS FALTAS E SANCIÓN S

Artigo 47. O socio que infrinxise o preceptuado nestes Estatutos, faltase ás normas de cortesía, indispensables desta Sociedade, ou desobedecese ás disposicións xurdidas da Asemblea Xeral, da Xunta Directiva ou das Comisións, será chamado e ouvido, quedando suxeito, segundo a gravidade do caso, ás correccións seguintes:

- a) Advertencia privada do Presidente.
- b) Advertencia da Xunta Directiva.
- c) Suspensión dos dereitos de socio por un tempo que non será inferior a quince días, nin excederá de seis meses, durante os cales seguirá pagando a súa cota mensual, non podendo reingresar de faltar esta condición.
- d) Separación da Sociedade, con prohibición absoluta de volver entrar nela, se a Asemblea Xeral, que será informada ao efecto, aproba a expulsión.
- e) As sancións a que se refiren os apartados c) e d), serán notificadas por escrito. Neste caso, o sancionado poderá recorrer ao Comité de Apelación.

CAPÍTULO XIV

DAS RESPONSABILIDADES

Artigo 48. A Sociedade Liceo responderá das súas obrigas con todos os seus bens presentes e futuros.

Artigo 49. Os asociados non responden persoalmente das débedas da asociación.

Artigo 50. Os membros ou titulares dos órganos de goberno e representación, e as demais persoas que obren en nome e representación da asociación, responderán ante esta, ante os asociados e ante terceiros polos danos causados e as débedas contraídas por actos dolosos, culposos ou negligentes.

Artigo 51. As persoas a que se refire o artigo anterior responderán civil e administrativamente polos actos e omisións realizados no exercicio das súas funcións, e polos acordos que votasen, fronte a terceiros, á asociación e aos asociados.

Artigo 52. Cando a responsabilidade non poida ser imputada a ningún membro ou titular dos órganos de goberno e representación, responderán todos solidariamente polos actos e omisións a que se refiren os artigos 50 e 51, a menos que poidan acreditar que

non participaron na súa aprobación e execución ou que expresamente se opuxeron a elas.

Artigo 53. A responsabilidade penal rexerese polo establecido nas leis penais.

CAPÍTULO XV

DA DISOLUCIÓN DA SOCIEDADE

Artigo 54. A Sociedade non poderá fusionarse nin disolverse, senón por acordo da Asemblea Xeral, sendo imprescindible en calquera dos casos a resolución das dúas terceiras partes dos seus socios. No último dos casos designarase unha Comisión composta de cinco socios de número que procederá ás liquidacións.

En caso de disolución da Sociedade, o patrimonio existente adxudicarase como segue:

- a) A Biblioteca que existira entregárase á Entidade pública desta Vila de recoñecido prestixio no eido cultural que os socios designen. Dita entidade comprometerase formalmente a conservala e darlle carácter tamén público.
- b) Os fondos que existiran no intre da disolución, así como o valor do edificio propiedade, ou outros bens mobles ou inmobles da súa pertenza, unha vez satisfeitas cantas débedas tivese a Sociedade, pasarán á Beneficencia do Concello de Noia.

DISPOSICIÓN FINAL

A partir da entrada en vigor dos presentes Estatutos, modificados en Asemblea Xeral Extraordinaria de socios, celebrada o día 17 de Xaneiro de 2011, quedan derogados os que até agora, viñan rexendo esta Sociedade.

O Presidente
José Moas Pazos

O Vicepresidente
Ángel V. González Arufe

O Secretario
Cándido M. Prego Rajo



XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA
Xefatura Territorial da Consellería de
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Edificio Administrativo Monelos
Plaza de Luis Seoane, s/n
15008 A CORUÑA



Sr. Pte da Sociedad Artística, Cultural y Recreativa Liceo de Noia
Alameda, s/n
15200 NOIA
A Coruña

Código: 110130

Asunto: Resolución de inscripción de modificación de estatutos da asociación nº 139-1*

Examinado o expediente de solicitude de inscripción da modificación dos estatutos da **SOCIEDAD ARTISTICA, CULTURAL Y RECREATIVA LICEO DE NOIA**, inscrita co núm. 1967/000139-1 neste Rexistro Provincial de Asociacións, e tendo en conta os seguintes

FEITOS:

Primeiro. Con data 14-2-2011 recibíuse a solicitude presentada por JOSE MOAS FAZOS, presidente da asociación, para a inscripción da modificación dos estatutos, aprobados por acordo da asemblea xeral en data 17-1-2011, segundo consta na certificación que acompaña à solicitude.

Segundo. Os estatutos presentados, que substitúen aos anteriormente inscritos, conteñen os requisitos esixidos na normativa vixente e quedan redactados segundo exemplar presentado.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. Esta xefatura territorial é competente para resolver a inscripción solicitada, en virtude do previsto no Decreto 336/1996, do 13 de setembro sobre asunción de funcións e servizos, pola Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de asociacións, Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, e Decreto 303/2009, de 21 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Segundo. A Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, establece no artigo 28 que deben inscribirse correspondente rexistro as modificacións dos estatutos, e o Real decreto 1497/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do rexistro nacional de asociacións e das súas relacións cos restantes rexistros de asociacións, regula no artigo 10 a documentación que debe presentarse para a inscripción da modificación dos estatutos.

Terceiro. Analizada a documentación que consta no expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa vixente para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións desta Comunidade Autónoma

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, **RESOLVO:**

Visar os estatutos modificados e ordenar a súa inscripción no Rexistro de Asociacións, para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

A Coruña, 15 de abril de 2011

A xefa territorial


Ana Lado Firiz

ESTATUTOS
DE LA SOCIEDAD ARTÍSTICA,
CULTURAL Y RECREATIVA
«LICEO DE NOIA»

ÍNDICE

Capítulo I. Objeto de los Estatutos	27
Capítulo II. De los Fines de la Sociedad	27
Capítulo III. De los socios y sus familiares	28
Capítulo IV. De las obligaciones de los socios.....	30
Capítulo V. De los derechos de los socios	31
Capítulo VI. De las cuotas	32
Capítulo VII. Del Patrimonio	32
Capítulo VIII. De los Órganos Sociales.....	33
Asamblea General Ordinaria.....	34
Asamblea General Extraordinaria.....	34
Junta Directiva.....	36
De los Miembros de la Junta Directiva.....	40
Del Comité de Apelación.....	42
De la Comisión Económica	42
Capítulo IX. De la administración de la Sociedad.....	43
Capítulo X. De las secciones de la Sociedad	43
Capítulo XI. Del Régimen Documental.....	44
Capítulo XII. De los empleados de la Sociedad	45
Capítulo XIII. De las faltas y sanciones	46
Capítulo XIV. De las responsabilidades.....	46
Capítulo XV. De la disolución de la Sociedad.....	47

CAPÍTULO I

OBJETO DE LOS ESTATUTOS

Artículo 1. La Sociedad Artística, Cultural y Recreativa Liceo de Noia es una entidad con personalidad jurídica y capacidad de obrar propia, de duración ilimitada, que fue fundada el día 28 de Agosto de 1928, al amparo de la antigua legislación cuyo Reglamento en vigor se modifica y sustituye por los presentes Estatutos, los cuales tienen por objeto fijar las finalidades, derechos y obligaciones de la Sociedad, cuyo domicilio social está ubicado en la Alameda s/n, de Noia.

